

Consello de Europa Recomendacións

Recomendación CM/RechChL(2016)1 sobre a aplicación da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias por España

(Adoptada polo Consello de Ministros o 20 de xaneiro de 2016 na súa reunión 1245 de Delegados de Ministros)

O Consello de Ministros,

De cordo co Artigo 16 da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias;

Tendo tomado nota da avaliación realizada polo Comité de Expertos sobre a Carta con respecto á aplicación da Carta por parte de España;

Considerando que esta avaliación se basea na información presentada por España no seu informe nacional, na información complementaria proporcionada polas autoridades españolas, na información presentada por institucións e asociacións legalmente establecidas en España e a información que obtivo o propio Comité de Expertos durante a súa visita *in situ*;

Tendo tomado nota dos comentarios realizados polas autoridades españolas sobre os contidos do informe do Comité de Expertos;

Recomenda que as autoridades españolas tomen en consideración todas as observacións e recomendacións do Comité de Expertos e, de xeito prioritario:

1. modifiquen o marco legal co obxecto de pór claramente de manifesto que as autoridades penais, civís, xudiciais e administrativas_poidan levar a cabo os procesos nas linguas cooficiais a petición dunha das partes;
2. continúen a aplicar as medidas legais e impulsar medidas prácticas dirixidas a garantir que exista unha proporción adecuada de persoal xudicial nas Comunidades Autónomas afectadas pola aplicación do Artigo 9 da Carta que teña un coñecemento funcional da linguas pertinentes;
3. continúen a aplicar medidas legais e impulsar medidas prácticas co obxectivo de garantir a presenza axeitada das linguas cooficiais na administración estatal ao nivel das comunidades autónomas;
4. continúen a aplicar medidas que garantan a presenza das linguas cooficiais nos servizos públicos, especialmente nos servizos de saúde;
5. continúen a garantir que a oferta da educación trilingüe non afecte negativamente a protección e promoción das linguas rexionais ou minoritarias;
6. consideren ampliar o recoñecemento desas linguas rexionais ou minoritarias cun status de cooficialidade nas seis comunidades autónomas a outras comunidades_sempre que exista un número suficiente de usuarios e usuarias da lingua rexional ou minoritaria implicada.